

Á MESA DO PARLAMENTO GALEGO

O **Grupo Parlamentar da Alternativa Galega da Esquerda**, por medio das súas deputadas **Yolanda Díaz Pérez** e **Eva Solla Fernández**, ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu tratamento na Comisión**, relativa a situación da residencia de maiores de Caranza en Ferrol.

Exposición de motivos

Nada se fai e todo se oculta para disimular a pésima xestión da consellería de benestar. Exemplo paradigmático é a parálise das obras na residencia de maiores de Caranza, na cidade de Ferrol. Dende agosto do ano pasado nada se fixo nunhas obras anunciadas no verán do 2013.

A esa xestión negligente hai que engadirlle unha actitude prepotente, aquela que se deriva duns responsables públicos que negan información e fuxen de calquer compromiso que permita reanudar e concluír con celeridade unhas obras que no entanto causan quebrantos e riscos aos residentes que non foron trasladados.

AGE leva presentadas varias iniciativas ao respecto desta parálise, reclamando explicacións, depuración de responsabilidades e o máis importante, a a reanudación urxente das obras para que se conclúan no prazo de tempo máis breve posible. Nen as iniciativas presentadas, nen a visita realizada, nen as denuncias formuladas polos traballadores e traballadoras do centro comoveron á impertérrita conselleira.

A deixación da Xunta a converte en responsable en tanto descoida un servizo público da que é responsable. Non é a resposta axeitada desviar ao negocio privado as necesidades e servizos públicos que se prestaban neste centro. Ao redor dunha cincuentena de persoas xa foron desviadas a un centro privado cun custo económico engadido para as arcas públicas. Mala xestión e desbaldimento dos recursos públicos son outra vez a marca de fábrica da conselleira Mato.

Polo referido, o grupo parlamentar da AGE formula a seguinte proposición non de lei para o seu debate na comisión:

- O Parlamento Galego insta á Xunta a dar as explicacións públicas oportunas respecto a parálise das obras na residencia de maiores de Caranza en Ferrol, e a incoar as medidas oportunas polo incumprimento do contrato de adxudicación das obras, outrosí de depurar as responsabilidades políticas que se derivan destes feitos.
- O Parlamento Galego insta á Xunta a acometer as obras de urxencia que garantan a seguridade das persoas usuarias do centro e máis da plantilla e, xa que logo, pór fin a situación de inutilización das escaleiras de incendios.
- O Parlamento Galego insta á Xunta a adoptar as medidas oportunas que permitan a inmediata reanudación das obras e o seu remate no máis breve prazo de tempo posible.

Compostela, 16 de xaneiro do 2015.

Asdo. Yolanda Díaz Pérez

Asdo. Eva Solla Fernández

Asinado dixitalmente por:

Yolanda Díaz Pérez na data 16/01/2015 12:28:52

Eva Solla Fernández na data 16/01/2015 12:28:55